



A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 4 | Edición nº 43 | Xullo de 2021 | PRECIO 2 EUROS



Xosé Emilio Barros Bello, alcalde de Mondariz

"O goberno de Mondariz é un dos máis fortes e cohesionados a pesares de estar en minoría"

páxinas 10 e 11



Marta Valcárcel, alcaldesa de Salvaterra de Miño

"A PLISAN está chamada a ser un referente industrial non só na comarca do Condado"

páxina 5

Condado/Paradanta

As procesións de cadaleitos pasaron á historia en Santa Marta de Ribarteme

Páxina 9

Portugal - Alto Minho

Monçanenses da Casa de Sende na colonización do Brasil

Páxina 14

Valença: Oferta hoteleira aumenta 39,2% em 2 anos

Páxina 14

Caminha: 19 postos de carregamento eléctrico até ao final de 2022

Páxina 15

Descontos de 50% nas portagens da A28 entram em vigor

Páxina 16



GALICIA
NA ESÑONA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENEFICIA

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

Bicimecânica

Toñi Porto

Horario: 10:00h a 13:30h - 16:00h a 20:00h



Rúa Esperanza, 10 - PONTEAREAS
Teléf. 986 18 24 65 - trporto@hotmail.com

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Entrega dos “Premios Educación”



O Concello de Salvaterra fixo entrega, o venres 2 de xullo, dos XVI Premios Educación, Curso 2020/2021.

O concello reparte nestes premios 14 lotes in-

formáticos valorados en 344€ e, en substitución das Bolsas ao Reino Unido impedidas polo COVID para o alumnado de bacharelato, 3 ordenadores portátiles dun valor de case 1.400€ cada un.

Axudas para adquisición de libros e material escolar de infantil

Un ano máis o Concello de Salvaterra de Miño ven de aprobar en Xunta de Goberno as axudas de 75,00€ destinadas á adquisición de libros e material escolar de infantil, para o curso 2021-2021.

O obxecto destas axudas é promover o principio de igualdade no exercicio da educación e compensar ás familias con escasos recursos para facer fronte os gastos derivados da escolarización dos seus fillos, entendendo por tales a adquisición de libros e material escolar, di-

rixido a alumnos/as dos cursos de Educación Infantil matriculados nos centros escolares deste municipio.

O prazo de presentación de solicitudes fíxase do 12 de xullo ao 12 de agosto de 2021, ambos inclusive. Os interesados deberán presentar as solicitudes acompañadas da documentación en Servizos Sociais, martes, mércores e xoves de 09.00h a 14.00h, previa cita telefónica no 697 911 050. Mais información, bases e modelo de solicitude en www.concellodesalvaterra.com

Mural ecolóxico no CEP Carlos Casares

O CEP CARLOS CASARES de Alxén, en Salvaterra de Miño, acaba de estrear un mural con debuxos do alumnado, transformando así un simple cartel de obra.

A iniciativa xurdiu por parte da Alcadesa de Salvaterra, Marta Valcárcel, membro do Consello Escolar cando, nunha das súas visitas ao colexio, propuxo transformar a través dun concurso un cartel da Xunta de Galicia, onde se anunciaba o cambio de cuberta do centro, nun mural feito con debuxos do alumnado.

Un dos obxectivos que se tra-



ballan anualmente no centro é, concienciar ás novas xeracións, da importancia de coidar o medio

ambiente, mediante a lei dos tres erres: reducir, reciclar e reutilizar.

O Concello de Salvaterra amplia a sinalización do seu patrimonio histórico-cultural

O Concello de Salvaterra de Miño está ampliando nestes momentos a sinalización do seu patrimonio Histórico-Cultural a través da Subvención da Deputación de Pontevedra, de máis de 4.000,00€, que ten como fin a promoción dos bens culturais dos Concellos, algo básico para a difusión e promoción turística

e cultural do noso municipio.

Esta primeira fase de sinalización de recursos vai destinada a promoción de enclaves tan esenciais como a Fortaleza de Salvaterra, o Castelo de Dona Urraca e Museo da Ciencia do Viño, o Parque Público A Canuda, a Ermida da Asunción, o Portalón da Inquisición e a Igrexa de San Xoán de Fornelos.



SALVATERRA DE MIÑO

Rematan as obras de pavimentación en Pesqueiras e Alxén e comezan en Costa-Oleiros e na estrada de Arantei-Entenza

Dentro do plan de mellora da rede municipal de viais, o Concello de Salvaterra de Miño ven de rematar as obras de pavimentación nos barrios de Chan da Igrexa, na parroquia de Pesqueiras, e en Coto-douro-Gandarachán na parroquia de Alxén, cun orzamento total de 57.394,79€, que o Concello de Salvaterra de Miño financia a través do Plan Concellos 2020 da Deputación de Pontevedra. Para a pavimentación estendeuse e compactouse máis de 2.500m² dunha capa de rodadura de mistura bituminosa en quente, con limpeza de cunetas incluídas.

Arrancaron ademais, as obras de pavimentación de dous camiños municipais nos Barrios de Costa, na Parroquia de Oleiros, e na Pa-



roquia de Arantei, sendo este último límite coa Parroquia de Entenza, situada no Concello de Salceda de Caselas. Para a pavimentación definitiva estenderase e compactarase unha capa de rodadura de mestura bituminosa en

quente nunha superficie total de preto de 5.000m².

O prazo de execución será dun mes e ten un presuposto total de 60.151,85€, que o Concello de Salvaterra levará a cabo a través do Plan Concellos da Deputación.

Salvaterra inaugura o seu banco LGTBIQ+ co alumnado de carpintería do IES

O Concello súmase ás reivindicacións do colectivo LGTBIQ+ e aos actos do Día do Orgullo co fin de dar visibilidade e loitar por unha sociedade máis xusta, igualitaria e diversa.

Así, o balcón do Concello luciu a bandeira e instalouse un banco destinado a concienciar sobre a diversidade, o respecto e tolerancia cara este colectivo.

O banco, pintado coas cores da bandeira LGTBIQ+ foi creado pol@s alumn@s de Carpintería do IES SALVATERRA, implicando á



comunidade educativa dun xeito directo nesta iniciativa. Neste banco aparecen reflexados os nomes

de tod@s @s participantes deste proxecto, que foron @s alumnos do 1º Ciclo de Carpintería.

Adquisición dun novo camiión para a recollida de lixo

O Concello de Salvaterra de Miño ven de aprobar as bases e a licitación para a adquisición dun novo camiión para a recollida de lixo, que será financiado a través do Plan

Concellos da Deputación Provincial con un orzamento de execución por contrata de 143.5000,00€.

A través desta licitación o Concello adquirirá un vehículo com-

pactador de RSU de 11m³, ampliando a capacidade de recollida considerablemente e que contará con moitas melloras que facilitarán o traballo dos operarios, logrando así máis axilidade.

Campaña de sensibilización "Xunt@s somos fortes"

O Concello de Salvaterra de Miño repartirá entre os nenos e nenas que participan nos Campamentos de Verán e o alumnado do IES Salvaterra que se graduou, unha mochila e un pack anticovid, adecuado á situación actual, con mensaxes sensibilizadoras.

Unha iniciativa que se enmarca no Pacto de Estado contra a violencia de xénero a través do Ministerio de Igualdade, a que debemos sumarnos todos e que ten como obxectivo previr e concienciar á poboación. Para iso repartiranse unha serie de material informativo, mochilas, mascarillas, xel...todo elo co

lema "XUNT@S SOMOS FORTES".

Esta acción é unha continuación da liña de traballo que ven facendo este Concello a través doutras campañas, como pode ser o concurso de slogans contra a violencia de xénero..., campañas de sensibilización e difusión para loitar contra a violencia de xénero e traballar pola igualdade.

Cremos que é necesario facer fincapé na importancia de seguir traballando por unha sociedade máis xusta, un reto ao que debemos unirnos todas as administracións e a poboación en xeral, sendo entre outras a finalidade destas accións.

Proxecto de colaboración educativa

Alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Varcárcel Gómez, supervisa as obras que nestes momentos se están realizando nas aulas do C.R.A. A Lagoa, froito dun traballo conxunto entre o Concello, profesorado e pais e nais do centro. Un proxecto de restauración e mantemento das escolas infantís que busca dar resposta ás novas situacións educativas, pensando sempre no beneficio do alumnado que acode ás mesmas.

Trátase dun proxecto, que se inicia este curso e que con carácter gradual pretende abordar a totalidade das escolas que conforman o C.R.A. A Lagoa.

Neste proxecto contase coa colaboración e implicación non só do Concello de Salvaterra senón tamén coa A.N.P.A Pequeniños e as distintas Asocia-



cións Veciñais da zona e o profesorado do centro.

A colaboración das familias, resulta fundamental para levar a cabo este proxecto que ten como obxectivo a contribución á mellora da escola pública.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

EDITORIAL



Viviremos nunha pre-ditadura?

Non se asusten polo titular que só tenta chamar a súa atención, como, por outra parte, é o normal.

Cando falamos de pre-ditadura queremos situar ao lector naqueles tempos en que se coceu o Golpe de Estado do 1936. Do que saben ou non saben as xeracións posteriores aos tempos a ese fatídico feito lamentable, política e socialmente falando. Como é claro e notorio a ignorancia desta parte da nosa Historia e realmente preocupante.

A nós, aos máis vellos do lugar, metéronnos nas mans unhas enciclopedias de Ruiz ou de Álvarez que nos ilustraban con todo tipo de detalles de quen foron os bárbaros do norte, dicíase daquela; as fazañas do Cid Campeador, os Reis Godos,...Lémbrense daquilo de "Ya lo dijo Chisdanvinto, Recesvinto y Faraón, si quieres beber buen vino tinto has de hacerlo en el porrón". Todo moi divertido; o importante era que non nos decatásemos de nada; de nada do que realmente ocorreu, claro. E vive Deus que o conseguiron. Algúns, os máis curiosos, comezamos atando cabos cando xa tiñamos máis de vinte anos e, como no meu caso, cunha carreira rematada. É triste confesar isto, pero é a puta realidade.

Algúns, entre os que me atopo, non nos conformamos co menú oficial e comezamos a buscar outros ingredientes que foran máis satisfactorios. Así chegamos, despois de moitos anos de gastar moitos cartos e tempo, de lecturas variadas para contrastar opinións a onde hoxe estamos. Preocupados polo que ocorreu, porque aquela mala semente non desapareceu. Aquí se cumpre o principio da física: "nada se crea ni se destrúe, soamente se transforma". Efectivamente, nada desapareceu, soamente se vestiu con novos roupaxes para aparentar un actualización inexistente.

Por iso, hoxe, cando asistimos ao labor da Oposición ao goberno actual veñen a nosa memoria o labor de acoso e derribo que os monárquicos de Alfonso XIII fixeron contra a República democrática recente-

mente constituída. Para eles era ilegal, inaceptable, comunista que pretendía a instituír o comunismo en España, etc. etc. Moi parecido ao que nestes momentos escoitamos no Parlamento, nos foros sociais, nas redes, nunha serie de xornais da dereita máis cavernícola que traballan, como dirían os latinos "pro domo sua".

O argumento é case calcado. Máis cargado ao bombo co tema feminista pero, practicamente, idéntico no fondo.

Chegados a este punto poderíamos pensar que unha sociedade sa e forte; ben asentada en principios democráticos e nunha posición clara na defensa dos valores dos individuos e das institucións, non tería ningunha razón para estar preocupada. O problema é que esa sociedade nestes momentos non existe, non é a que disfrutamos, mellor sufrimos.

Podemos comprobar cada día como ese virus destrutivo, que os políticos representativos e correspondentes con aquela sociedade feudal, monárquica e atrasada da pre-ditadura, está infectando os bancos do Parlamento, os Gobernos Autonómicos e os concellos. A súa baba destrutiva, cal serpente velenosa, expándese ao largo e ancho desta pel de touro.

Pero, se isto non fora suficientemente preocupante, aínda padecemos outra enfermidade máis grave: a ignorancia total e absoluta da maior parte da poboación do Estado Español.

Nestes momentos estamos asistindo a unha invasión no eido do ensino por parte de pais e nais que, manipulados por forzas de destrución masiva, sosteñen sobre as cabezas dos ensinantes unha espada de Damocles en forma de denuncia se estes/as se atreveran, que non é o caso, a informar ao alumnado o que realmente ocorreu no Estado Español nos últimos cen anos; por fixar unha data asumible no tempo, porque poderíamos ir aínda algo máis atrás para dar coas raigames das árbores pezoñentas que se foron facendo e crescendo ao longo dos séculos XIX, XX e parte do XXI.

Preguntamos inocentemente: que saben

os nosos mozos e mozas (e os xa non tan mozos nin mozas) de como se fraguou a Ditadura? Que saben de quen puxo os cartos enriba da mesa para que Franco, utilizado como militar avezado, encabezara aquela sublevación contra a República; que saben das relacións existentes entre o goberno de Franco e Italia ou Alemaña? Coñecen, acaso, aos alemáns fuxidos despois da 1ª Guerra Mundial que foron acollidos polo franquismo? Saben quen son os descendentes daqueles homes que hoxe dirixen empresas do IBEX-35? Teñen idea de quen foi e que fixo Juan March, o da banca do mesmo nome, dono de media Illa de Menorca? Saben por que Franco non entrou na 2ª Guerra Mundial? Saben a que países lles interesaba que se mantivera neutral?

En fin, son tantas as cousas ocorridas

se esa figueira están sendo regada por augas infectadas que dentro de pouco van contaminar aos figos. Pero non importa. O que importa e o que ocorre aquí e agora. O futuro xa deus dirá. Desgraciadamente, ese deus, de existir, debe ter moito traballo con outras cousas porque está deixando facer, correr a bola, porque sempre haberá algún arrepentido que volve ao curral.

E namentres, millóns de cidadáns abocados ao paro, a vivir como mendigos, a depender dos comedores sociais, o ter que "venderse" como empregados sen cualificar cando moitos deles teñen as costas miles e miles de horas de estudo e carreiras universitarias.

Por que non se rebelan? É o título dun libro de Sami Naïr referido ao mundo árabe, aínda que nestes momentos creo



nesta pel de touro tan golpeada polos políticos profesionais, empresarios corruptos, que non se metían en política, tal como Franco lles aconsellaba, e se dedicaron a espoliar os recursos do territorio en beneficio propio. Saben como se constituíron os embalses en todos os ríos do Estado? Saben que facían cos presos políticos aos que contrataban, é un dicir, para traballar nas obras das empresas antes citadas? Canto lles pagaban? Como vivían?

Como non saben nada disto; como ninguén llo explica, so pena de ser excomulgado, hoxe atopámonos nunha seria situación que ninguén sabería dicir a onda nos vai levar.

Os partidos chamados da Oposición están facendo política arredor do Parlamento; esperando a que a figueira deixe caer os mellores figos. Pouco lles importa

que poderíamos aplicalo a mocidade española perfectamente.

Nese país houbo, como todos ou polo menos algúns, sabemos, resultados terribles: persecucións, prisión, mortes, ... Pero a pregunta é: que podían facer? Que poden facer hoxe en España os miles de mozos e mozas que estamos vendo nos botellóns que tanto se denigra pero aos que ninguén lle ofrece alternativas. Seguro que se eses rapaces e rapazas tiveran que erguerse pola mañá cedo, coller un autobús ou o seu propio coche e dirixirse a un posto de traballo digno, non serían carne de canón para os que só saben denigralos, estigmatizalos, pero non saben ou non queren darlle solucións a súa denigrante situación.

Como dicía Tip e Coll, na próxima entrega falaremos do goberno. Sexan felices e disfruten do verán se poden facelo.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiralde, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

Marta Valcárcel | Alcaldesa de Salvaterra de Miño

"A PLISAN está chamada a ser un referente industrial non só na comarca do Condado"

Marta Valcárcel (PPdG) é desde maio de 2019 a primeira muller alcaldesa na historia municipal de Salvaterra de Miño. Licenciada en Ciencias Económicas (UVigo), foi con anterioridade

deputada no Parlamento de Galicia e concelleira en Salvaterra desde 2007. Nesta entrevista para Foro A Peneira-Novas do Eixo Atlántico repasa a actualidade do Concello e da súa xestión municipal.

Vostede tomou o relevo dun "todoterreo da política" como era Arturo Grandal. Estalle resultando moi difícil imprimir o seu propio estilo?

Eu sempre fun unha persoa moi fiel ao meu estilo e a miña forma de entender e facer política, pero é verdade que hai moitas veces que nos encontramos moi limitados pola propia burocracia da administración. De todas formas, creo que está nas nosas mans poder ir cambiando pouco a pouco esa situación.

A pandemia foi como un tsunami que arrasou proxectos, ideas, iniciativas previstas. Dende o Concello, cómo conseguiu acometer esta difícil situación?

A COVID 19 fixo que tiveramos que replantearnos moitas cousas, proxectos, actividades, inversións..., pero creo que o primeiro que se tiña que facer, e que fixemos foi por no eixo central das nosas actuacións as persoas. Traballamos directamente cos Centros Educativos do Municipio, con Servizos Sociais e un grupo de voluntaria/os atendemos aos nosos maiores e as persoas que peor o estaban pasando, fixemos mascarillas, repartimos lotes de desinfección e mascarillas entre o comercio (cando non había forma de conseguilo), incrementamos a

desinfección nos Centros Escolares dobrando o persoal... en fin volcámonos en axudar e atender as necesidades que estaban aparecendo, pero sen deixar de lado aqueles proxectos que para nos tamén son esenciais.

Así, en plena crise sanitaria, empezamos coas obras de reforma do Antigo Concello para crear unha nova Biblioteca adaptada e moderna para os nosos estudantes, empezouse coa ampliación da Escola Infantil "Galiña Azul" para aumentar a oferta de prazas ofertadas, empezouse coa segunda fase de reconstrución da antiga SINDICAL para albergar a Escola de Música de Salvaterra, rematamos as obras da senda peonil que une o Centro Urbano coa parroquia de Oleiros, seguimos invertindo en proxectos de saneamento no rural, rematamos as obras e o equipamento para por en funcionamento, esperamos no mes de setembro un Centro Social de Maiores na parroquia de Leirado no antigo consultorio médico... e outras é necesario pospoñalas, pero creo que a día de hoxe todos entendemos a dureza da situación que vivimos e que nos queda por vivir

Por fin, a Plisan está en marcha. É de esperar que todas aquelas expectativas de fai unha década teñan feliz término. Dende o Concello, cómo

se valora esta nova situación?

Mirando sempre cara o futuro. Para nos é moi importante este primeiro paso, ver que a PLISAN é unha realidade e que empresas tan potentes como pode ser Albo se instalen en Salvaterra porque realmente cren na potencialidade do noso polígono.

A PLISAN está chamada a ser un referente industrial non só na comarca, e empeza a dar os seus primeiros pasos dunha forma rotunda e contundente

Tamén está o asunto da empacadora e a planta de transferencia de residuos. Cales son as obxeccións que o Concello vai facer a estes proxectos?

A postura deste Concello foi clara dende un primeiro momento posicionándose en contra. De todas formas creo tamén quedou claro que para a nosa zona non se vai desprazar

Salvaterra vai honrar aos que morreron pola democracia. Cómo valora Vde. a creación dese "Espazo da Memoria"?

Creo que é necesario que a nosa historia non se esqueza, e dende o respecto e a dignidade queremos crear un espazo de recordo para tódalas vítimas

E que consiste o Centro de Atención Temperá que se abrirá este verán en Salvaterra, Arbo e Crecente?



Trátase dun proxecto conxunto que busca dar resposta a unha situación que cada día se demanda máis.

O Miño é una fonte de recursos. Agora conta cun novo atractivo: turismo fluvial. Que expectativas lle ve a alcaldesa?

Moitas, creo que Salvaterra e o resto de concellos que forman parte deste proxecto reúnen unha serie de características que fan que este proxecto piloto teña continuidade, e así nolo trasladan tamén as empresas navieras que se están interesando nel. Temos natureza, gastronomía, historia, cultura, as nosas adegas pegadas ao Río Miño... en fin, temos unha gran potencialidade que temos que aproveitar e explotar.

Salvaterra Vila Milenaria. Cómo

imaxina os próximos mil anos da vila?

Gustárame que Salvaterra seguira fiel a sí mesma, que non esquecera as súas raíces e que seguira evolucionando, crescendo, sendo un referente na provincia.

Imaxino unha Salvaterra, unha PLISAN forte, con futuro para os seus veciños e veciñas, dándolle a oportunidade de traballar ao carón da súa casa.

Gustárame que siga crescendo dunha forma ordeada, onde o eixo principal e polo que todos a coñezan siga sendo por esa calidade de vida que ofrece, pola aposta pola natureza, polo seu entorno, e que se siga sentindo tan orgullosa, como o facemos hoxe en día, da súa historia, das súas raíces.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas reclama ao Ministerio a exposición pública do anteproxecto de mellora da N-120

Alcaldesa de Ponteareas, Cristina Fernández, e a segunda tenente de alcalde, Chus Garrote, reuníronse con representantes da 'Plataforma da N-120' ante a preocupación deste colectivo polo retraso na exposición pública do Anteproxecto da mellora viaria da N-120 e pola aparente paralización de todo o procedemento.

O Concello reclama á Dirección General de Carreteras e ao MITMA que faga a exposición pública do Anteproxecto de mellora da N-120 ao seu paso polas parro-



quias de Xinzo, Arnoso e Areas, que leva en supervisión dende comezos de ano por parte do Ministerio. O Concello pediu de forma oficial que se lle informe á maior brevidade posible de en

que punto administrativo está o Anteproxecto e "da previsión e cronograma futuro de cara á execución final desta obra tan necesaria e prioritaria para o noso Concello".

O pleno infantil aborda o acoso escolar nas aulas

O Concello de Ponteareas acolleu unha nova sesión presencial do pleno infantil presidida pola concelleira de Benestar Social e Igualdade, Verónica Carrera, acompañada polo concelleiro de Mocidade e Deportes, Miguel Bouzón, e na que participaron seis centros educativos de E.P. e ESO do municipio. Os representantes do CEIP Nosa Señora dos Remedios, CPR La Inmaculada, CPR Santiago Apóstol, CEIP Feliciano Barrea, IES Val do Tea e IES Barral abordaron un dos temas que máis preocupa nas aulas, o acoso escolar.

Durante o pleno, os centros participantes abordaron cuestións



como a importancia de denunciar as situacións de agresión, tanto propias como alleas, ou o acoso escolar a través das redes. Propuxeron a creación dunha caixa anónima de denuncias, realizar campañas de concienciación social, dotar aos centros educativos

de ferramentas, fomentar a intelixencia emocional ou establecer consecuencias firmes para as e os agresores, como os traballos sociais. E sinalaron o programa antiacoso que se está a seguir en Finlandia como un exemplo a ter en conta.

Denuncian que a cheminea da planta de biomasa non cumpre coa normativa da altura

Na planta de Biomasa levantouse unha cheminea para saída de fumes, de 18 m de alto. De acordo coa norma UNE, 6.2.1.3 Distancias respecto de obstáculos exteriores ao edificio UNE 123001 ao ser unha cheminea de fumes nocivos procedentes da combustión, o remate debe elevarse máis de 1 m por encima da parte máis alta de calquera edificación situada nun radio inferior a 10 m respecto de a saída da cheminea.

O edificio sito na rúa Vidales Tomé nº 15 está situado a 7 metros da cheminea, e ten unha altura de 23,05 metros ata a parte superior do casetón de ascensor, daquela a cheminea debe ter unha altura mínima de 24,05 metros



A comunidade de veciños presentou denuncia no concello de Ponteareas e ante a Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Pontevedra porque dita cheminea debe ter 6,05 m máis de acordo coa altura especificada no proxecto.

O Concello solicita á Xunta a inclusión de Ponteareas nos puntos de activación do Carné Xove

A Concellaría de Mocidade que dirixe Miguel Bouzón vén de solicitar á Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia a inclusión de Ponteareas como punto de activación do Carné Xove.

Ponteareas é o concello cabeceira de comarca e conta con arredor de 5.000 mozos e mozas que se beneficiarán do Carné Xove. Non obstante, a Xunta deixou fóra ao municipio da rede de puntos de activación dispoñibles.

Dende o Concello non se entende esa exclusión de Ponteareas da rede de puntos de activación tendo en conta que é "concello de referencia para a mocidade da comarca, dado que aquí se desenvolven moitos servizos educativos, comerciais, deportivos ou de lecer cunha ampla participación de mozas e mozos doutras localidades, ademais de contar cunha OMIX que presta servizos durante todo o ano e que ata o de agora foi centro de expedición do Carné Xove".

INMOBILIARIA
MERCAVENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS MATRÍCULA GRATUITA
CENTRO DE ESTUDIOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

PONTEAREAS

Éxitos das deportistas ponteareáns



Equipo feminino do CN Ponteareas

A xogadora de Ponteareas Ines Lemos, proclamouse campiona galega de badminton sub-9 nas 3 categorías nas que participou (individual feminino, dobres femininos, dobres mixtos). Pola súa banda, Roi Vilchez rematou a competición cun ouro e dous bronce, Eva Lemos, con outro ouro e dous bronce, Marta Ucha con prata e bronce, Mario Souto con prata e bronce e Uxia Castro con prata en dobres femininos.

No Campionato Galego de Bádminton sub 9 e sub 19 que reuniu a máis de 60 deportistas no Álvaro Pino, todos os xogadores sub-9 de Ponteareas entraron no podio.

Por outra banda o equipo feminino do CN Ponteareas é o novo campión galego infantil de verán ao regresar as 8 nadadoras que acudiron á competición con 14 medallas de ouro, 4 de prata e 2 de bronce.

Reorganización nas concellarías para optimizar a xestión municipal



O Goberno municipal de Ponteareas reordena as competencias co claro obxectivo de “acadar un funcionamento óptimo dos servizos prestados á veciñanza”.

A alcaldesa Cristina Fernández Davila asume as competencias que dependían do anterior alcalde (Urbanismo, Medio Urbano e Seguridade Cidadá e Emerxencias) e mantén a coordinación de Ensino e Saúde. A rexedora deixa a área de Consumo, que dirixirá Eva Gil, e a de Eventos, que agora asume Miguel Bouzó. A saída do goberno de Nahir Covelo, supón que Bouzó

asuma a concellaría de Deportes. Incorporárase Lola Covelo para asumir os asuntos relacionados con infraestruturas básicas, como o saneamento, o abastecemento de auga ou as rozas. Ao cargo de Facenda estará Francisco Alonso, que regresa á corporación municipal.

Tras asumir Fernández Davila a alcaldía, prodúcese tamén unha variación nas tenencias de alcaldía, pasando a ser Roberto Mera o tenente de alcaldesa e manténdose Chus Garrote na segunda tenencia de alcaldía e pasando a ser terceira tenente de alcaldesa Verónica Carrera.

Ponteareas contrata o proxecto de reforma do novo edificio municipal na Praza Maior

O goberno do BNG-PSOE contrata a redacción do proxecto de reforma do novo edificio municipal da Praza Maior, 39. A reforma cofinanciarase nun 80% polo FEDER, a través do programa EDUSI “Ponteareas, Hábitat Saudable”, e nun 20% polo Concello.

O novo edificio disporá de espazos para servizos públicos ou actividades sociais actualmente inexistentes, pero tamén contribuirá á dinamización da Praza Maior, e das rúas Oriente, Esperanza, República Arxentina, e outras da zona máis antiga do núcleo.

“Este edificio municipal súmase aos dous andares adquiridos no edificio da Seguridade Social e suporá unha mellora máis para a cidadanía que atopará novos espazos nos que desenvolver actividades e beneficiarse de distintos servizos públicos”, explica a alcaldesa Cristina Fernández.

Ponteareas cambiará a LED a iluminación pública de todo o Concello grazas a un préstamo de máis dun millón de euros

As intervencións financiadas van destinadas a actuacións subvencionadas ao 80% polo IDAE que suporán un aforro de centos de miles de euros ao ano.

O Concello de Ponteareas continúa a por en marcha actuacións destinadas a melloras na eficiencia enerxética do municipio, que van producir un importante aforro nos gastos en enerxía do Concello. Para esta finalidade, o Goberno municipal vén de solicitar un préstamo de 1,2 millóns de euros para financiar a parte proporcional que lle corresponde ao Concello tras ter conseguido que o Instituto

para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico apoiase os proxectos presentados por Ponteareas.

A principal acción desta operación consiste na renovación total do alumeadado público exterior por luminarias LED, tanto da vila como das parroquias, que suporá unha mellora da seguridade veciñal grazas á súa maior visibilidade, así como un grande aforro enerxético que contribúe á redución de CO2. Ademais mellorarase a eficiencia enerxética de varias dependencias municipais como as

aulas das parroquias do Colexio Rural Agrupado, o CEIP Feliciano Barrera de Guláns ou o Complexo Deportivo Álvaro Pino.

“Toda esta transformación lograrémola cun préstamo cuns xuros ínfimos, que ademais págase por si só, xa que é para financiar investimentos en melloras enerxéticas, que van supor un aforro de varios centos de miles de euros ao ano dos cartos de todas e todos”, salienta Francisco Alonso, concelleiro de Facenda.

O investimento total das actuacións a desenvolver grazas a este préstamo é de case 5,5 millóns de euros, dos cales 4,1

están subvencionados. Por outra banda, o préstamo solicitado de

1,2 millóns de euros amortizarase en 15 anos.

O PP lamenta a firma do crédito

O Grupo Municipal do PP lamenta as erróneas decisións que está a tomar a nova alcaldesa, Cristina Fernández que, despois de decidir unha subida salarial coa ampliación de dúas dedicacións, agora presenta a firma dun novo crédito por valor de 1,1 millón de euros.

“Parécenos unha irresponsabilidade absoluta. Teñen adquirido un crédito de 1,2 millóns coa Xunta de Galicia, 451.000 euros

coa Deputación, 3,5 millóns con entidades bancarias. Estamos a falar de préstamos por valor de máis de 5 millóns de euros, que van marcar o ritmo e investimento de corporacións futuras, durante o próximos quince anos”, critican os populares.

O PP lémbrale ao bipartito que en 2011 e ata 2016 o Concello tivo que pagar a irresponsabilidade doutros gobernos que practicaron a política do malgasto.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas presume de escritoras e ilustradoras na V edición da Feira do Libro

Organizada entre o Concello de Ponteareas e a Federación de Libreiros e Editores de Galicia co apoio da Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia, a Feira do Libro volverá ás rúas de Ponteareas este mes de xullo. Do 15 ao 18, e de 18:00 a 22:00 h, a Praza Maior converterase no epicentro literario da vila cunha feira que chega á súa quinta edición cun programa repleto de actividades e cunha alta presenza de autores e autoras de Ponteareas e a súa comarca.

Para o concelleiro de Cultura, Fernando Groba, presentar a quinta edición da feira "é un dobre orgullo, porque ademais celebrar



unha Feira do Libro temos entre os participantes a persoas gañadoras dos premios organizados polo Concello ou vinculados aos nosos obradoiros de escritura creativa". Así, este ano o público poderá desfrutar da presenza de autores e autoras como Pablo

Prado, tamén pregoeiro desta edición, Anabel Antela Castro, Alejandro Cid, Alexandro Bouzón, Teresa Ríos, Carlos Sampedro, Hortensia Bautista e Aurora Quinteiro, Elisabeth Guerra, Beatriz Cabaleiro, Raquel Castro, Samuel Merino ou María Lado.

Ponteareas adhírese á rede galega de 'Praias sen fume'

Concello de Ponteareas vén de adherirse á rede galega de 'Praias sen fume', un programa posto da Dirección Xeral de Saúde Pública para promocionar unha vida sen

tabaco que xa se expande polo litoral galego. Así, as praias da Freixa e de San Roque manteranse a partir de agora libres de malos fumes e de cabichas. Ambos os dous areas xa contan coas ban-

deiras e carteis de sinalización.

Dende o Concello apélase á responsabilidade cidadá, xa que se trata dunha iniciativa que non busca recadar, polo que o seu cumprimento é voluntario.

O goberno local anula máis de 50.000 euros as axudas de emerxencia social e 38.000 en fomento de emprego

O goberno do BNG-PSOE aprobou no pasado pleno anular estas cantidades do orzamento para tapar os seus malgastes económicos e o incremento de gastos en salarios de dedicacións exclusivas do propio goberno.

Para o portavoz de ACiP, González Carrera, resulta inaudito que no momento que estamos a pasar, o goberno local non sexa sensible coa situación de moitos veciños. Na actualidade hai 1.927 veciños en paro.

No pleno do 29 de xuño tentamos que o goberno local reconsiderase devandito recorte, pois crea unha situación de incerteza tanto ás familias con recursos limitados, como a supervivencia de moitas das 1.764 empresas con actividade económica do Concello. Esta reconsideración por parte do goberno local non foi aceptada e aplicou o rodillo político cos



seus votos, esquecéndose de algo tan importante que é garantir o benestar dos nosos veciños.

Como consecuencia da situación do COVID-19, ACiP presentou, en plenos anteriores, varias propostas para incrementar as axudas sociais, que foron aprobadas por unanimidade.

TALIER
SALÓN

Alfonso Vázquez Fraile, 5 bj. PONTEAREAS
CITA PREVIA ☎ 986 641 579
peluqueriataliermt@gmail.com

 **Funeraria Porto**
SERVICIOS FUNERARIOS

Telf. y Fax: 986 641 891
Móviles: 608 883 955 y 649 376 959

PONTEAREAS - Pontevedra

PINTURAS
BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

Los precios más baratos del mercado

PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

ZAPATERÍA
Ángeles Castro

Telf: 986 640 242
Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

ERDP
ER de la Piel

Tu Especialista en Cosmética Ecológica
Perfumes de Autor

☎ 986 311 003
www.erdps.es
info@erdps.es

Paseo Matutino 13 Ponteareas. 36860

 **ZOE**
LENCERIA

ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA

C/Amado gorta nº3, Ponteareas - Tlf 986 22 47

Santa Marta de Ribarteme, patroa dos cociñeiros/as e amas de casa

As procesións de cadaleitos pasaron á historia

Por Juan Louzán.

As próximas festas e romarías de Santa Marta son noticias relevantes e contundentes que determinan o presente e o futuro da programación dun evento tan importante.

O novo sacerdote ao mando teno claro ao respecto: "Debido á pandemia, NON PODEN HABER AGLOMERACIÓNS, é dicir, unha procesión; é a vontade da diocese e deste sacerdote separar claramente o relixioso do profano. Por relixioso, quero dicir, a novena anterior á festa, as eucaristías o 29 e tamén a procesión; si, a procesión sen cadaleitos nin elementos estraños. Se na cidade queren andar polos cadaleitos, deberían facelo, pero sen o acompañamento

da cruz parroquial, a imaxe e Non é un privilexio concedido a este cura, É O QUE QUERE O DIOCESE purificar estas cousas.

Os cristiáns, cando celebramos porque é o día dunha festa relixiosa, facémolo porque somos conscientes de que ese santo ou santa na presenza de Deus interceda por nós e por iso somos felices. O mesmo se se trata dunha celebración mariana. Non é unha festa relixiosa se non o facemos pensando na alegría de que a Santísima Virxe ou os Santos intercedan por nós".

O sacerdote diocesano recentemente incorporado encargado polo bispo de Tui-Vigo, decidirá "separar aos relixiosos do profano, a eucaristía e liberar a procesión de elementos profanos, supersti-

ciosos ou doutros elementos da liturxia eclesial. É a vontade diocesana PURIFICAR esta festa de elementos estraños". Engade que "celebraremos misas ás 8, 9, 10, 11 e 12 da mañá e ás 19:00 horas, cumpriremos todas as normativas sanitarias establecidas para o Covid-19, os fieis usarán máscaras e gardarán a distancia axeitada, evitando multitudes. Neste caso, unha procesión. Está prevista a instalación dunha carpa xunto á igrexa para que haxa unha osixenación suficiente."

Este sacerdote afirma que "este ano teño a sorte de que o papa Francisco declarase o 29 de xullo como o día dos santos irmáns de Betania: Marta, María e Lázaro. Algúns confunden a María, irmá

de Lázaro, con María Magdalena, natural de Magdala e da única testemuña, no Evanxeo de San Xoán, do sepulcro baleiro do Señor, é dicir, da súa resurrección".

O novo sacerdote responsable sinala sobre eses devotos en referencia a que "pensan que Santa Marta é unha invocación mariana, como a Virxe das Dores, Fátima, Carmen, Libramiento, Saúde ... Non temos constancia do carisma da virxindade de Santa Marta, por iso a celebramos como muller santa. Santa Marta NON é unha invocación mariana, é unha muller santa. Manterá viva a fe: os cristiáns cren en Deus, que é UN e ÚNICO. e TRINO. Os santos son meros INTERCESORES ante Deus das nosas súplicas; tamén son un

EXEMPLO e un MODELO de seguir a Xesucristo para os cristiáns".

Marta de Betania é unha figura bíblica descrita no Novo Testamento nos evanxeos de Lucas e Xoán. Está citada vivindo na aldea de Betania. Débese aclarar que "Lázaro morreu dúas veces, que Xesús se hospedaba na casa de Marta e que é un grave erro confundir a María de Betania con María Magdalena".

O sacerdote responsable, despois de reunirse con grupos da parroquia e seguir as instrucións da diocese, separará aos relixiosos dos profanos e, en anos sucesivos, se poden procesar as imaxes, NON SERÁN ACOMPAÑADOS DAS CAIXAS; Se queren, será nunha procesión alternativa sen cruz, imaxe de Santa Marta ou presenza do sacerdote.

GASTRO TABERNA COCINA GALLEGA



ABIERTO TODOS LOS DÍAS/COCINA ININTERRUMPIDA

Ortega y Gasset, 66 • Tel.: 91 401 44 45

As' Pedriñas Novas

**MARISCOS
TRAÍDOS CADA
DÍA DE GALICIA**





Restaurante O'Calidino

Cocina Tradicional gallega

Carnes, pescados y mariscos de Galicia
Cocina abierta permanentemente

C/Lagasca 74. Metro: Serrano. Madrid

Tlf: 91 575 70 14 - 91 575 14 48.



CONDADO/PARADANTA

MONDARIZ

Entrevista realizada por Guillermo Rodríguez

Xosé Emilio Barros Bello | Alcalde de Mondariz

"O goberno de Mondariz é un dos máis fortes e cohesionados a pesares de estar en minoría"

Xosé Emilio Barros Bello (BNG) é o alcalde de Mondariz desde xullo de 2019, tralo acordo de goberno de coalición co PSOE. Dende entón lidera na Corporación Municipal con cinco

membros dos once en total. O conflito con Mondariz Balneario pola EDAR, os proxectos de eficiencia enerxética e o plans urbanísticos foron algúns dos temas tratados neste entrevista para Foro A Peneira.

Unha vez conseguido aprobar os orzamentos por unha cuestión de confianza, atopaste co problema da EDAR. Como interpreta a negativa da Oposición neste asunto?

-O calificativo é "decepcionante". É unha necesidade obxectiva, un servizo básico e elemental no que se leva pelexando ao longo de 17 anos. Non podemos seguir desta maneira. É necesario incrementar a visibilidade dun problema, que a Corporación se mantivese unida ao lado do goberno na defensa dos intereses xerais da localidade e dos veciños era o noso obxectivo.

Legalmente, que se pode facer dende o Goberno?

-O primeiro é unha cuestión de concienciación. Si existe unha instalación que ten capacidade para cubrir as necesidades de 6.000 habitantes (os dous concellos non suman esa poboación) e se temos en conta que non todas as parroquias verterían nesa EDAR solicitar unha ampliación como pretende o goberno de Mondariz-Balneario para permitir a depuración das augas deste Concello de Mondariz parécenos un absurdo, pero que os membros da Oposición de Mondariz (Alternativa por Mondariz e Partido Popular) non sumen forzas co Goberno para presionar dialécticamente, claro, aínda nos parece máis absurdo. É necesario mudar os pasos e a visibilidade dun problema para corrixilo, non podemos continuar igual.

Existe algún tipo de documento que confirme o uso compartido?

-A EDAR é titularidade do Concello de Mondariz Balneario. Ao

longo do tempo moita xente creu que a EDAR era dos dous Concellos. Non é así. Pero o Concello de Mondariz Balneario, no seu día, conseguiu financiación dun millón de euros a condición de que prestara servizo aos dous Concellos. **Pero iso é unha interpretación libre ou hai algo que o confirme? Quen gobernaba nese momento?**

-Gobernaba o PP nos dous concellos. O único documento que vencella esa estación depuradora a Mondariz é un convenio de colaboración firmado e aceptado por ambas partes no que se recolle que esa depuradora dará servizo aos dous Concellos. Algo que nunca chegou a desenvolverse. Documentado asinado polos dous Alcaldes daquel entón.

Iso non se pode denunciar ante os xulgados?

-Si, pero nós cremos na vía política primeiro, as vías do razonamento logo, de ser preciso, sería o xulgado. Estamos na primeira fase. Aínda que debo confesar que non temos avanzado nada neste sentido.

Négase o alcalde de Mondariz-Balneario?

-Non. Simplemente propón como alternativa un aumento desa instalación, algo que a todas luces é irracional. Se a EDAR ten capacidade para 6.000 habitantes, e os dous Concellos non suman esa cifra; como imos solicitar financiación para unha ampliación? Non é racional. Nós confiábamos en que coa forza de toda a Corporación de Mondariz puideramos xerar unha conciencia de cambio. Ese era o motivo da solicitude de colaboración aos outros partidos

da Oposición.

Solicitude para eliminar a restrición de circulación de vehículos de gran tonelaxe pola estrada autonómica PO-254. Que alternativa teñen os camiños de servizo á fábrica de Augas de Mondariz sen pasar polo centro urbano?

-A alternativa que hai é que todo o tráfico se desvíe polo centro do casco urbano de Mondariz en dirección a Vilasobroso á N-120. A Xunta de Galicia, a raíz da reparación que se fixo na Ponte que hai entre Mondariz a Mondariz Balneario, colocou unha sinalización na que prohíbe o paso a vehículos de máis de 20 toneladas. Esta sinalización instálase a instancias do goberno de Mondariz Balneario que ten a pretensión de suprimir a entrada dos camiños pola súa vila, que é atravesada por unha estrada autonómica. O feito de que prohiban o paso desa tonelaxe por Mondariz Balneario significa que a única alternativa existente é que todos os vehículos pasen polo casco urbano de Mondariz. Para que non pasen ese vehículo por Mondariz Balneario, castigamos o casco urbano do Concello de Mondariz. A responsabilidade é da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas) que accede a ter condicionado por unha tonelaxe o paso por unha estrada autonómica.

Parece que a solución estaría en unificar os dous Concellos, para empezar...

-Iso cando os dous Concellos queiran. Pero hai outros mecanismos sen ter que chegar a esas fórmulas que poden avanzar perfectamente. Ao compartir servizos,



non como a EDAR, pero compartir servizos en igualdade de condicións e conveniados, consorciados dunha maneira sensata e xusta, é unha vía marabillosa para aforrar recursos públicos e prestar servizos de calidade. Se non hai un interlocutor doutro lado que estea cando menos disposto a escoitar, é complicado.

Proxecto de eficiencia enerxética, de que estamos a falar?

-No actual goberno temos como fundamento básico e prioritario: a atención aos servizos máis elementais e máis estruturais do Concello, o que chamamos comunmente como servizos de atención básicos. Un deles é o servizo de alumbrado público. Puxémonos a traballar en como podíamos mellorar ese servizo. Consequimos chegar, aínda que foi nunha última etapa, ás axudas do Instituto da Diversificación Enerxética, IDAE, que concedía a pequenos Concellos para mellorar os subministros eléctricos. Levámola a pleno. Os grupos da Oposición tamén votaron en contra, plantáronse e non quixeron asistir a ese pleno no que pretendíamos aprobar liñas de subvencións. A pesares de que eses fondos xa foran reducidos nas anteriores administracións e estaban destinados a Concellos exclusivamente pequenos, agora existen

moitos menos fondos e están dispostos para todo tipo de Concellos, a pesares diso tentamos sacar adiante unhas axudas para mudar todo un servizo moi precario que existe neste Concello ó redor da iluminación eléctrica. Plantexamos catro proxectos diferentes que agrupan a totalidade do Concello de Mondariz. O 100% do Concello de Mondariz englobábase en catro lotes que significan un millón de euros de investimento e da que veñen a confirmarnos a aprobación o propio IDAE.

O Concello non ten que aportar nada?

O Concello ten que poñer o 20% e o IDAE o 80% dese investimento.

Pero o 20% é unha cantidade importante do orzamento municipal

É unha cantidade importante que o Concello mesmo poderá recuperar amortizando co aforro enerxético.

Tedes capacidade para pedir un préstamo como ese?

Estamos falando dun aforro enerxético que pode chegar ao 70% no pago da factura da luz, que pode ir destinado directamente a amortización desa inversión nun período curto, duns catro anos, que podería xa estar superada. Aínda está sen concretar esa fór-

CONDADO/PARADANTA

MONDARIZ

mula pero estamos estudando como co-financiamos esa inversión. Creo que paga a pena explorar calquera fórmula, incluída esa.

Cal é a pega que lle pon Alternativa por Mondariz a iso?

. No lugar de apoiar ao goberno para tentar tramitar con axilidade esas subvencións, o que fixo foi que nun pleno que convocamos extraordinario para acelerar a aprobación desas subvencións, Alternativa por Mondariz non asistiu, abandonou a sesión plenaria baixo o argumento que non era correcto que nós levarámos iso nese momento (sempre preocupados polas cuestións das formas) E por iso negáronse a votar co goberno esas solicitudes.

Aprobouse no pleno?

Si, aprobouse.

E o PP apoiou?

O PP tampouco apoiou, tamén abandonou o pleno. Fixeron unha pinza con eles (Alternativa por Mondariz) Sempre fan unha pinza no relativo aos asuntos clave e fundamentais para Mondariz, a EDAR, a diversificación enerxética, son asuntos troncais, estruturais que non se teñan afrontado e que por primeira vez un goberno asume con rigor e prioridade.

Cal é o apoio que tedes da Deputación de Pontevedra e en qué sectores os están apoiando?

A Deputación apóianos na mesma medida en que apoia a calquera outro Concello. Estamos facendo algúns proxectos, algún deles novidoso como o da pista de pump track, que está sendo un atractivo sen precedentes na comarca.

Está funcionando?

Si, está funcionando, faltan algúns aspectos pero si está funcionando. Nese recinto, que está no colexio detrás do Concello, estamos proxectando un Centro de Ocio e Deporte Urbano en A Minada, como se chama ese lugar. Pensamos converter todo ese espazo en actividades de atracción á mocidade, enraizar poboación e que esa mocidade sintase integrada e que atope servizos e vínculos coa localidade.

Ese proxecto do Centro de Ocio Urbano tamén vai ter un segundo efecto que é relacionar o entorno do Val, da praia fluvial, o que teña que ser algún día o futuro albergue municipal na zona de A Cela e unir o espazo que vai do centro da vila coas zonas do río. É un proxecto que esta en rodaxe.

Anunciouse na prensa estes días



Membros do Goberno do Concello de Mondariz.

que a Xunta vai facer un camping en terreos de Mondariz.

É unha noticia enfocada erróneamente. Nós estamos facendo unha modificación do actual Planeamento Urbanístico, un plan especial de equipamentos e dotacións para disposición de solo de uso turístico. En concreto estamos desenvolvendo o proxecto de Albergue turístico na localidade que exerza tamén un papel atractivo turístico mesmo pola carencia que existe de lugares de estancia e de infraestruturas turísticas, a diferenza de Mondariz Balneario. Acaba de superarse a fase de Avaliación Ambiental estratéxica desa modificación do planeamento e agardamos en 6-8 meses ter os terreos xa recalificados e a disposición da Administración. Por tanto, non é un camping senón un albergue e non ter que ver coa peregrinación.

Serían terreos públicos ou privados?

Serían terreos municipais, propiedade do Concello, fronte á praia do Val, ao outro lado do río Tea, onde está a Ponte de A Poeira. É un paso a pe, ao lado de Augas de Mondariz. O albergue que se pretende, para o cal estase recalificando o solo para poder construír, faise dende a perspectiva dun albergue turístico, xuvenil, e para ter un atractivo turístico na localidade. E tamén para caravanas. Aquí non temos un punto definido para estancia de caravanas, só de carga e descarga.

A Plataforma en Defensa do Tren Vigo-Ourense por Mondariz, que sabes diso?

Nada, só que hai un grupo de intelectuais, empresarios e demais, que entenden e defenden que o tren non debería ir por Cerdedo nin por Compostela senón que

debería ir dunha forma directa de Vigo a Ourense e que pasaría por Mondariz. Iso, ao día de hoxe, é unha idea como pode existir outra calquera.

Haberá piscina aberta para este verán?

Non, non teremos piscina aberta pola situación COVID e polas características propias da nosa instalación. Afortunadamente temos uns espazos fluviais marabillosos e entornos que perfectamente o poden suplir.

As instalacións do antigo colexio de Mondariz, agora a que están dedicadas?

Temos alí a Escola de Música, temos aulas de formación e un obradoiro de emprego, así como outras actividades que se realizan nesas aulas.

Funciona a Biblioteca Xoán X. Pérez Labaca?

Si, por suposto, funciona. A pesar da COVID conseguimos mantela aberta practicamente durante todo este período, adaptando ás

novas situacións sanitarias.

A poboación de Mondariz vai baixando...

Está estancada. Non chegamos aos 5.000 habitantes, estamos en 4.600 e pico nestes momentos.

Os ingresos do Concello tamén minguan...

Obviamente; se baixa a poboación baixan os ingresos aínda que teñamos que prestar os mesmos servizos con menores ingresos. . O territorio segue a ser extenso, os núcleos de poboación tamén e hai que seguir atendendoos dentro das capacidades e recursos que temos. Considero hai un reparto inxusto dos recursos para os Concellos

Que horizonte ve o alcalde para o Concello de Mondariz no reparto dos fondos que veñen de Europa?

Hai unha incógnita importante ao respecto de como vai a ser esa distribución. Nós temos claro e agardamos poder optar a algúns deses fondos, e estamos traballando en proxectos nese sentido, independentemente de como sexa a distribución. Non nos preocupan o mecanismo senón de que eses fondos cheguen ao Concello e non a outros Concellos onde existen outro tipo de recursos e de posibilidades. Que cheguen é o importante. Somos flexibles nos mecanismos.

Entidades Locais : Queimadelos (seu pobo natal) e Vilasobrosos, como se desenvolven?

Seguindo a súa propia dinámica. Agora mesmo falase máis da de Vilasobroso, porque ese ciclo que inicia agora esta Entidade xa fai

moito tempo que o fixo a de Queimadelos, como foi dotar dunha biblioteca, aula de informática e outros servizos aos veciños.

En canto a Vilasobroso hai un proxecto para a Escola Unitaria, no entorno de Valiño, que se conseguiu vía Deputación. Preténdese a rehabilitación para uso veciñal e doutro tipo.

Centro de Día; están calmadas as augas?

Está funcionando con normalidade. Por parte do Concello houbo unha débeda acumulada dende o ano 2017 que durante un tempo estivo oculta. Coa chegada do novo goberno fixose un estudo económico desa situación e xa no último orzamento aprobado destinábase unha partida, arredor dos 95.000 euros, para pagos pendentes ao Consorcio Galego de Benestar. En condicións normais serían uns 50.000 euros.

Iso de que depende, do número de persoas que estean alí?

Vai en función do número de usuarios. É a Xunta a que estipula as prazas a través dos servizos sociais. Agora mesmo falta por asinar un novo convenio entre o Consorcio Galego e o Concello de Mondariz, que supoño se asinará en calquera momento. O positivo é que o Concello logrou regularizar unha situación que non estaba regularizada, que foi a que nos atopamos cando chegamos ao goberno.

Algo máis que engadir?

Simplemente que na metade da lexislatura, como alcalde entendo que se veñen dando pasos moi seguros e firmes en moitos aspectos e necesidades estruturais do Concello de Mondariz. Ás veces, aínda sen medios hai que marcar obxectivos para dar resposta ás necesidades estruturais e básicas da poboación. Xa comezamos a vislumbrar os resultados como da eficiencia enerxética, o albergue e outros que indican que detrás está habendo, nun período tan curto como son a penas dous anos, un traballo denso, importante e estrutural para o Concello.

Polo tanto, estamos moi satisfeitos porque cremos ese é o camiño a seguir. O goberno actual de Mondariz é potente e forte. Está moi cohesionado a pesares de estar en minoría.

Grazas Alcalde por atendernos. Non perda a ilusión en beneficio dos veciños e veciñas de Mondariz.



CONDADO/PARADANTA

Ponteareas saca adiante o PXOM

O pleno da Corporación aprobou o pasado 29 de xuño o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ponteareas. Trátase da aprobación provisional do PXOM, que agora debe ser reafirmada pola Xunta de Galicia mediante a súa aprobación definitiva para a súa entrada en vigor. A administración autonómica dispón de tres meses para resolver dende o intre no que reciba o documento aprobado no pleno.

A alcaldesa Cristina Fernández e a segunda tenente de alcaldes, Chus Garrote, amosáronse moi satisfeitas coa aprobación provisional do Plan e “confiadas en que esta

será a definitiva. Estamos convencidas de que a Xunta de Galicia dará o seu visto bo ao PXOM e Ponteareas verá cumprido o seu obxectivo de contar cun plan urbanístico case 20 anos despois da suspensión das normas subsidiarias”. O Plan Xeral aprobouse cos votos a favor do goberno local (BNG e PSOE), a abstención do PP e o voto en contra de ACIP.

A socialista Chus Garrote salientou que “o goberno do BNG e PSOE herdou en 2015 un Concello paralizado urbanisticamente dende 2002. Fomos capaces de aprobar o plan en 2016, pero en 2017 a Xunta rexeitouno esixindo nume-

rosos cambios. Atendemos o requirimento da Xunta en 2019, cunha nova aprobación, que de novo non satisfacía as esixencias da administración autonómica. Desta vez, a iniciativa do Concello, estableceuse unha coordinación entre os técnicos municipais e os da Xunta para asegurar que o documento responda as súas esixencias”. Garrote explicou que “os propios técnicos do concello confirman que o Plan aprobado atende todos os requirimentos da Xunta”.

Pola súa banda, a alcaldesa Cristina Fernández afirmou que “o Plan cumpre coa Lei e cos desexos da administración autonómica,



polo tanto non hai máis escusas: o PXOM deberá ser aprobado pola Xunta de Galicia o antes posíbel. Ponteareas non pode permitirse un novo retraso”.

Cristina Fernández amosouse optimista cos efectos que terá o novo PXOM unha vez sexa aprobado pola Xunta. “Reactivará a nosa economía e a creación de emprego, atraerá investimentos de emprendedores ao novo solo industrial, garantirá os postos de

traballo das actividades e instalacións empresarias sobre as que hoxe penden ameazas de demolición e peche, dará solución ao comercio e hostalaría que sen PXOM non podía legalizar a súa actividade e dará para o Concello terreos para novos equipamentos deportivos, sanitarios, educativos ademais de proporcionarnos espazos públicos como parques ou aparcadoiros”, salientou a rexedora nacionalista.

Alternativa por Mondariz aposta por buscar unha solución que implique aos dous concellos, á Xunta e á Confederación

Contra Mondariz Balneario a única solución é ir á guerra”, con estas palabras, pronunciadas no último pleno ordinario, o concelleiro de obras Poldo Tato (BNG), sintetizaba a única opción que baralla o goberno local (BNG e PSOE) para solucionar o problema da utilización da depuradora situada en Mondariz Balneario.

No ano 2015 o goberno de AporM tramitou as autorizacións necesarias para conectar o colector da rede de saneamento de Mondariz, que xa estaba en construción, á depuradora de Mondariz Balneario,

pero a Confederación Hidrográfica desautorizou a conexión.

Montes Bugarín demanda unha “solución supramunicipal, dialogada coa construción dunha rede separativa de pluviais e fecais por parte da Xunta de Galicia” “Na construción da depuradora participaron todas as administracións, polo tanto na resolución das discrepancias que xera a súa xestión tamén deben implicarse todas elas”.

Por outra banda dende AporM solicitan a reapertura da piscina municipal do Pé do Muíño. Calis sinala que “o escenario que se



presenta é moito máis favorable que o que vivimos ata agora, facendo viable a recuperación da vida social que vivimos antes da pandemia”.

Humor

MARTIRENA





Restaurante
O'Rianxo



**algo diferente
no condado**

**Vilasobroso
Mondariz**
telf: 986 654 434



milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com



25 de xullo de 2021, **DÍA DE GALICIA**
un día para celebrar todo o que somos o resto dos días.

Unha festa para enmarcar

FORO A PENEIRA DO ALTO MINHO

Monçanenses da Casa de Sende na colonização do Brasil

A Casa de Sende é, no concelho de Monção, a que possui maior volume documental. São mais de meia centena de quilos em papel, ora em manuscritos, ora em desenhos, alguns com mais de 300 anos e que agora foram colocados à guarda do Arquivo Municipal de Monção, mediante um protocolo subscrito pelo proprietário da Casa de Sende, José Sotomaior, e o presidente da edilidade monçanense, António Barbosa, a 26 de junho último.

O espólio, já considerado fundamental para compreender a colonização do Brasil no séc. XVIII, foi, na oportunidade, objeto de um auto de entrega ao Arquivo Municipal, onde será objeto de tratamento arquivístico e de conservação para posterior disponibilização à comunidade.

A documentação refere-se a três gerações oriundas da Casa de Sende que, durante século e



Assinatura do protocolo pelo presidente da Câmara e proprietário da Casa de Sende

meio, tiveram um papel determinante na colonização do Brasil, onde, nomeadamente, governaram estados, fundaram municípios e procederam a expedições na Amazônia.

Foi já com base nesta documentação que o conhecido e reputado historiador Ernesto Português, Cidadão de Mérito de Monção, lançou, também na tarde do último dia 26 de junho, nos

jardins da Casa Museu da Universidade do Minho (UM), em Monção, a obra "Da Casa de Sende aos Governos do Maranhão, Piauí e Grão-Pará". Editada pela UM e Câmara Municipal de Monção, é composta por três centenas de páginas e é de capa dura. Nesta está a reprodução de um desenho de uma das embarcações que, naquela altura, era utilizada para navegar na Amazônia.

Melgaço/habitação: a solução para 44 famílias



Foi formalizado no passado dia 30 de junho em Melgaço, o Acordo de Colaboração no âmbito do 1.º Direito – Programa de Apoio ao Acesso à Habitação, que dará resposta a 44 famílias do concelho que vivem em situações indignas de habitação.

O Acordo de Colaboração celebrado com o IHRU, e com a presença da Secretária de Estado da Habitação, Marina Gonçalves, define a programação estratégica das soluções habitacionais para 44 agregados, correspondentes a 96 pessoas que vivem em condi-

ções indignas, através da reabilitação, construção ou aquisição de frações ou prédios para destinar a habitação.

O valor total do investimento necessário ao cumprimento dos objetivos indicados é estimado em 2.367.650,00 euros. Estão ainda identificados 88 beneficiários que, sendo proprietários das habitações, deverão efetuar as candidaturas ao IHRU para soluções habitacionais ao abrigo do 1.º Direito em nome próprio, podendo, em todo o processo de candidatura, contar com o apoio do município.

Cartão Jovem: Protocolo entre o Município de Monção e as primeiras empresas aderentes

Launched o Cartão Jovem Municipal, o qual já conta com cerca de 400 inscrições, realizou-se, no auditório da Biblioteca Municipal de Monção, a assinatura de protocolos de colaboração entre o Município de Monção e as primeiras dez empresas aderentes ao projeto.

As empresas receberam um autocolante para colocar à entrada do estabelecimento, fazendo menção como “empresa parceira” do cartão jovem municipal.

Presente na assinatura dos protocolos, feita de forma individual, o Vice Presidente da Câmara Municipal de Monção, João Oliveira, deu conta da sua importância enquanto “apoio aos jovens monçanenses” e como “reforço da atividade comercial”, permitindo que “as compras sejam efetuadas na nossa terra”.

As primeiras empresas aderentes são: Adegas Cooperativas Regionais de Monção, CRL; Áshrama Monção – Centro de Yoga; Clínica



Body Slim Fit; DermaSystem; Elisabete Amoedo Veterinária; Lavandaria Pirâmide; Percarpro + - Centro de Manutenção de Veículos, Lda; Poliópticas, Lda; Restaurante Cuckoo, e Ritmos Sublimes Unipessoal, Lda – Baluarte.

Além de descontos na aquisição de produtos/artigos e na prestação de serviços das empresas participantes, os utilizadores do Cartão Jovem Municipal podem usufruir de desconto de 10 por cento nos equipamentos desportivos municipais, nas sessões de cinema e

nos espetáculos realizados no Teatro João Verde, desde que sejam promovidos pelo Município.

Tal como as empresas, que podem “entrar” no projeto a qualquer momento, o acesso ao Cartão Jovem Municipal pode, igualmente, ser pedido em qualquer altura, destinando-se a jovens com idades compreendidas entre os 12 e os 30 anos, inclusive, que residam, trabalhem ou estudem no concelho de Monção. A emissão da primeira via do cartão é gratuita.

Valença: Oferta hoteleira aumenta 39,2% em 2 anos



A oferta hoteleira de Valença está nas 71 unidades de alojamento. Face a 2019 verifica-se um aumento de 39,2%, fruto sobretudo das novas unidades de alojamento local.

A dinâmica crescente dos Caminhos de Santiago, o turismo patrimonial e comercial focado na Fortaleza, o de natureza na Ecopista do Rio Minho e o gastronómico, numa restauração emblemática atraí cada vez mais turistas. Fatores que tem motivado a confiança dos empresários em investir no setor do turismo no concelho.

Valença tem agora 71 unidades

de alojamento distribuídas por todo o concelho, com mais significado na cidade e nas freguesias atravessadas pelo Caminho de Santiago. Pelo concelho encontramos 26 unidades em Valença, 9 em Cerdal, 7 em Fontoura, 6 em São Pedro da Torre, 6 em Ganfei, 3 em Cristelo Côvo, 3 em Gandra, 3 em Gondomil, 2 na Silva, 2 em Friestas, 2 em Arão, 1 em Taião e 1 em São Julião (Oferta em <https://visitvalenca.com/dormir>).

Esperam-se novas unidades para breve já que se encontram, de momento, em fase final do processo de licenciamento.

Caminha: 19 postos de carregamento elétrico até ao final de 2022

O concelho de Caminha terá 19 Postos de Carregamento Elétrico (PCE) até ao final de 2022. Os números fazem parte da planificação definida pela Câmara Municipal de Caminha e formalizada através de protocolos aprovados com diversos operadores privados nos últimos meses. Está previsto que possam ser instalados até ao final do corrente ano 2 PCE rápidos (55Kw) e 5 PCE semi-rápidos (22Kw) nas duas vilas do concelho.

Para 2022 está reservada a maior fatia do investimento, pre-

vendo-se que, até ao final do ano, possam estar instalados 3 PCE rápidos e 16 PCE semi-rápidos em Caminha, Vila Praia de Âncora, Moledo e Âncora.

Já estão realizadas as primeiras obras infraestruturais de criação de PCE em Caminha e Vilarelho, estando em fase de licenciamento os primeiros. Em Caminha, os primeiros PCE serão colocados na requalificada rua S. João e junto ao Mercado Municipal em obras. Em Vila Praia de Âncora, a primeira instalação será feita junto ao Portinho.

Em 2022, o investimento con-



tinuará nas duas vilas mas avançará para Moledo - zona da praia e Avenida de Santana - e para Âncora junto à zona comercial.

Centro de Interpretação da Mesa dos 4 Abades valoriza aldeias de Ponte de Lima

O Município de Ponte de Lima inaugurou dia 3 de julho, o Centro de Interpretação das Aldeias da Mesa dos 4 Abades (CIAM4A). O projeto surge da necessidade imediata de valorização do património cultural, rural e paisagístico circundante a este "marco" histórico.

Instalado num edifício de arquitetura tradicional, o CIAM4A é o ponto de partida para a descoberta, não só das Aldeias da Mesa dos 4 Abades – Bárrio, Cepões (hoje Freguesia de Bárrio e Cepões), Calheiros e Vilar do Monte (sendo esta atualmente, Freguesia de Labrujô, Rendufe e Vilar do Monte) – como também da Freguesia da Labruja, limitando a norte uma paisagem serrana única, que não pode ser desconstruída por limites administrativos.

Neste sentido, pretende-se promover e impulsionar novas abordagens de conhecimento rural, primando pelo desenvolvimento de um conjunto de ini-

ciativas interpretativas relacionadas com o turismo cultural e paisagístico característico desta região, mais especificamente o turismo de natureza, disponibilizando assim uma oferta turística qualificada.

Recorde-se que a Mesa dos Quatro Abades data da Idade Média, no entanto aparece documentada nas Memórias Paroquiais de 1758 em duas das quatro freguesias que confinam neste ponto. Reza a tradição oral que há muito tempo saíria de cada paróquia a imagem de S. Sebastião em procissão e se reuniram num local com uma mesa de pedra a pedir-lhe proteção, no entanto não se pode afirmar que a Mesa dos Quatro Abades derive deste encontro.

Aos nossos dias chega uma outra história, que no local onde está tal mesa é o sítio de confluência das quatro freguesias – Lugar da Veiga das Cartas, onde se juntavam os abades (párcos) de cada uma delas e se sentavam



cada um no banco de pedra ao redor da mesa, estando cada um deles dentro do território correspondente. Diz-se ainda que discutiam os problemas das suas paróquias e que os paroquianos podiam participar nestas discussões. Partilhavam farnéis e mostravam as suas preocupações.

A tradição foi recuperada nos anos noventa do século XX, substituindo-se os intervenientes abades pelos Presidentes das Juntas de Freguesia e onde também participa o Presidente da Câmara Municipal.

Praia das Azenhas no melhor de Viana do Castelo



Realizou-se no dia 1 de julho, pelas 21h00, a entrega dos prémios aos ícones regionais considerados de interesse nacional, vencedores do Prémio Cinco Estrelas Regiões 2021. Esta sessão, foi realizada e pôde ser acompanhada via Facebook do Prémio Cinco Estrelas (www.facebook.com/premiocincoestrelas).

Os vencedores estão divididos por categorias, tem sido: A Romaria da Sra. d'Agonia, na categoria Festas, Feiras e Romarias; a Filigrana, no Artesanato; o Sarrabulho, na categoria Cozinha Tradicional Portuguesa; a vila de Arcos de Valdevez, em Aldeias e Vilas; a Praia Fluvial das Azenhas, em Vilar de Mouros, Caminha, na categoria Praias; e o Monte de Santa Luzia, em Viana do Castelo, em Reservas, Paisagens e Barra-

gens, foram alguns dos ícones regionais vencedores na edição deste ano do Prémio Cinco Estrelas Regiões.

Este Prémio, que vai na sua 4ª edição, é um sistema de avaliação que identifica o melhor que existe em cada uma das 20 regiões do País, ao nível de recursos naturais, gastronomia, arte e cultura, património e outros ícones regionais de referência nacional. São igualmente reconhecidos os negócios locais que se diferenciam pela sua qualidade. Através de uma votação nacional a população portuguesa identificou, para cada região, o que considerou Cinco Estrelas a vários níveis. Este ano envolveu a participação de 346.000 consumidores portugueses.

Os vencedores podem ser consultados em: <https://r.cinco-estrelas.pt/vencedores-2021/>

Vodafone Paredes de Coura cancelado... só em 2022



O maior medo tornou-se realidade. Pela segunda vez os responsáveis pela realização do Festival Paredes de Coura foram obrigados a parar.

Não haverá Vodafone Paredes de Coura em 2021. Todos os bilhetes adquiridos para as edições de 2020 e 2021 são válidos para a edição de 2022. Se por algum motivo não puderem comparecer

na próxima edição podem efectuar o pedido de reembolso entre o dia 18 de Agosto e o dia 6 de Setembro de 2021, através de um formulário que estará disponível no site do festival.

Sempre que decidem manter o vosso bilhete para a próxima edição estão a ajudar toda a comunidade que envolve o festival neste momento tão difícil.

PUBLICITE (00351) 960 069 934
AQUI comercial.pt@novasdoeixoatlantico.com

'Vi(m)ver Cerveira' concertos acústicos, fado e muito mais

Perante um verão ainda atípico, devido à Covid-19, Cerveira consegue readaptar-se e manter a excelência do programa 'Vi(m)ver Cerveira', em segurança. São oito concertos e mais quatro eventos diversificados que prometem devolver alguma normalidade à dinâmica cultural, cumprindo rigorosamente as orientações emanadas pela Direção-Geral de Saúde.

A edição 2021 do 'Cerveira Acústica' e das 'Noites de Fado', no Centro Municipal de Atletismo, apresenta quatro fins-de-semana com oito espetáculos musicais, aqueles que tiveram de ser adiados em 2020 e os do corrente ano. Em julho, o 'Cerveira Acústica' conta com Miguel Araújo (16), António Zambujo (17), Ana Bacalhau (23) e Pedro Abrunhosa & Comité Caviar (24), e em agosto canta-se o fado com Marco Rodrigues (6), Katia

Guerreiro (7), Sara Correia (13) e Aldina Duarte (14).

A partir do dia 1 de julho, os bilhetes estarão à venda na Loja Interativa de Turismo e na Plataforma Eurocidade Online (eurocidadecerveiratominio.eu), ou no próprio dia no local dos concertos, a 7€ o bilhete individual. Nesta vertente, também há novidades, com a venda de packs, o 'Acústico' e o 'Fado', a 20€ cada.

O 'Vi(m)ver Cerveira' 2021 conta ainda com mais quatro eventos, nomeadamente o XVII Dancerveira - Festival Internacional de Dança de Vila Nova de Cerveira, de 1 a 4 de julho, no Centro Municipal de Atletismo; o inovador UMBRA - Festival Internacional de Artes e Multimédia, de 9 a 11 de julho, que, através de instalações luminosas desenvolvidas por artistas e arquitetos nacionais e internacionais, constitui-se como uma oportunidade

única para conhecer espaços singulares do concelho; o 'O Crochet sai à Rua...em Cerveira - 2021', que de 23 de julho a 30 de dezembro, apresenta-se a rigor (como sempre) e adaptado à temática dos 700 anos, com 13 quadros/cenários minuciosamente elaborados em crochet, com episódios singulares que escrevem a história de Cerveira durante a época medieval; e o XV Festival de Bandas de Música, com cinco bandas de música convidadas, agendado para 19 de setembro.

De salientar que Vila Nova de Cerveira está a assinalar, em 2021, os 700 Anos da Fundação, com a atribuição do foral por El Rei D. Dinis, a 1 de outubro de 1321, pelo que para dignificar tão memorável efeméride, o Município de Cerveira tem uma programação condizente e representativa da identidade, sob o slogan "700 Anos a fazer História".



Descontos de 50% nas portagens da A28 entram em vigor

O desconto de 50% no valor da taxa de portagem, aplicável em cada transação, entraram em vigor para alguns lanços das autoestradas ex-SCUT, nomeadamente A28, A17, A25, A29, A4, A41, A42, A22, A23 e A24.

Os lanços e sublanços de autoestrada abrangidos por esta medida são os identificados no anexo I ao decreto-lei n.º 67-A/2010, na Concessão Norte Litoral: A28 – IC 24/Viana do Castelo; Concessão Costa de Prata: A17 – Mira (concessão LC)/Aveiro Nascente, A25 – Pirâmides (Aveiro Oeste)/Albergaria (concessão BLA), A29 – Angeja/Maceda, A29 – Maceda/(A29/A44); na Concessão Grande Porto: A4 – Sendim/Águas Santas, A41 – Freixieiro/Ermida (IC25) e A42 – (IC24/IC25)/Felgueira. O desconto abrange também os lanços e sublanços de autoestrada, nomeadamente A22, que integra o objeto da Concessão do Algarve; A23, da Concessão da Estradas de Portugal; A23, da Concessão da Beira Interior; A24, da Concessão do Interior Norte; e A25, da Concessão da Beira Litoral/Beira Alta.



Inscrita no Orçamento do Estado para 2021 (OE2021), a medida prevê ainda “um desconto de 75% no valor da taxa de portagem aplicável em cada transação, para veículos elétricos e não poluentes”, mas o Governo explicou que “a implementação do regime de descontos previsto para veículos elétricos e não poluentes implicará a adoção de um conjunto significativo de medidas de operacionalização técnica que impedem que a medida possa entrar em vigor no dia 01 de julho de 2021, cuja regulamentação será oportunamente implementada através de portaria”.

Neste âmbito, o Governo vai instituir um regime de modulação do valor de taxas de portagens

para veículos das classes 2, 3 e 4 afetos ao transporte rodoviário de mercadorias e de passageiros, para as autoestradas abrangidas pelo novo modelo de descontos previsto no OE2021.

O Governo estimou um impacto de 160 milhões de euros anuais devido a esta redução nas portagens.

No final de maio, a Plataforma P'la Reposição das SCUT (sem custos para o utilizador) A23 e A25 afirmou que, mesmo que este desconto entre em vigor, vai manter a luta pela abolição das portagens e defendeu a necessidade de serem dados mais passos no caminho das “reduções progressivas”, até à abolição total dos pagamentos.

Certificação do “Caminho Minhoto Ribeiro”



Considerado um dos mais antigos percursos de peregrinação a Santiago de Compostela, o Caminho Minhoto Ribeiro tem duas entradas do concelho de Monção: Portela e Merufe (Portela de Alvite).

Os seis municípios portugueses do Caminho Ribeiro Minhoto (Braga, Vila Verde, Ponte da Barca, Arcos de Valdevez, Monção e Melgaço) assinaram, dia 30 de junho, um acordo de cooperação institucional, visando a certificação daquele caminho, considerado um dos mais antigos percursos de peregrinação a Santiago de Compostela.

A cerimónia, presidida pela Secretária de Estado do Turismo, Rita Marques, teve lugar em Cevide, Melgaço, ponto de ligação do Ca-

minho Minhoto Ribeiro entre Portugal e Galiza. Marcaram presença autarcas dos seis municípios, o Presidente da Entidade de Turismo do Porto e Norte, Luís Pedro Martins, bem como representantes da Junta da Galiza, Jacobo, autarcas galegos, e associação do Caminho Minhoto Ribeiro.

Com a celebração deste protocolo, os municípios mencionados e a Entidade Regional de Turismo do Porto e Norte de Portugal (TPNP) comprometem-se a desenvolver um trabalho conjunto de gestão do itinerário, visando a certificação, promoção e dinamização do Caminho Minhoto-Ribeiro, assumindo o Turismo do Porto e Norte a responsabilidade de entidade gestora do Itinerário.